

BASES DO “ATÍPICO ENTROIDO 2021 DE MONDOÑEDO”

O Concello de Mondoñedo, por motivos de seguridade sanitaria, non celebrará este ano o desfile de entroido como habitualmente estamos acostumados; pero non por elo, quere deixar pasar estas datas de festexo e tradición sen realizar ningunha actividade.

Por isto, celebrarase o “*Atípico entroido 2021 de Mondoñedo*”, concurso de desfraces, no que de forma totalmente dixital, e por tanto segura, seguiremos pondo en valor estas datas.

BASES:

1ª Obxecto

O concurso está formulado para poñer en valor e manter a tradición do entroido, así como festexar estas datas importantes para o noso municipio.

2ª Participantes.

O concurso está aberto a todas as persoas físicas que desexen participar, diferenciando as seguintes categorías:

- *Individual infantil e adulto*
- *Parellas conviventes infantil e adulto*
- *Grupos conviventes infantil e adulto*

3ª Como participar

Todos os participantes deberán enviar a súa fotografía caracterizados coa temática do disfraz elexido.

4ª Presentación de fotografías.

As fotos deberán enviarse ao e-mail: *entroidomindoniense@gmail.com* e deberase indicar no asunto: “*Atípico entroido 2021 en Mondoñedo*”

Xunto co envío da fotografía, deberán especificar os seguintes datos:

- Nome e apelidos do participante (titor/a ou representante legal se é menor de 18 anos), representante da parella ou representante do grupo.
- Idade do participante ou participantes
- Nome do desfrace
- Teléfono de contacto

* Nos grupos infantís, ***máis da metade*** dos seus componentes deberán ser menores de 12 anos de idade, este inclusive, podendo estar acompañados de varios maiores disfrazados.

* En caso de que non se adxunten todos os datos requeridos, poderá procederse á anulación da participación.

* Quedarán fora de concurso todas aquelas participacións que non cumpran coas medidas de prevención sanitarias vixentes.

5ª Prazo de presentación

O prazo de presentación de fotos comeza coa publicación destas bases na web e nas redes sociais do Concello de Mondoñedo e remata o día 20 de febreiro do 2021.

6ª O Xurado

O xurado estará integrado por 5 membros, representantes de asociacións do eido local que valorarán diferentes aspectos da foto: orixinalidade, sustentabilidade do medio ambiente, caracterización, etc.

7ª Resolución.

Cada un dos membros, de forma privada, outorgará notas comprendidas entre os 0 e 10 puntos a cada un dos participantes. Posteriormente, reuniranse as notas dos 10 membros do xurado e procederáse á suma de puntos por parte de un técnico do Concello de Mondoñedo.

Tras diso, comunicarase o fallo do concurso aos gañadores do mesmo.

8ª Premio

Establécense os seguintes premios:

CATEGORÍA ADULTO		
Grupos de convivintes	Parellas de convivintes	Individual
1º: 100	1º: 80 €	1º: 60 €
2º: 80	2º: 60 €	2º: 40 €
3º: 60	3º: 40 €	3º: 20 €

CATEGORIA INFANTIL		
Grupos de convivintes	Parellas de convivintes	Individual
1º: 90	1º: 70 €	1º: 50 €
2º: 70	2º: 50 €	2º: 30 €
3º: 50	3º: 30 €	3º: 10 €

9ª Publicación de fotografías

A participación no concurso conleva a autorización expresa da difusión das imaxes e/ou fotografías dos premiados, aínda que sexan menores de idade, a través de prensa ou outros medios, coa sola intención de promoción do entroido mindoniense.

Estas publicacións levaranse a cabo tras o fallo do xurado.

É imprescindible que os pais/nais ou titores legais firmen a autorización (anexo I) na que consenten a participación do menor, aceptan as bases e outorgan a súa conformidade ó exposto nas mesmas. Dita autorización, deberá axuntarse á fotografía no momento do seu envío.

9. Final.

O importe dos premios enténdese íntegro e, polo tanto, suxeito a retencións a conta, derivadas da aplicación do imposto sobre as persoas físicas.

As decisións da organización son inapelables, tendo potestade para tomar calquera tipo de decisión.

A participación no concurso implica aceptar todas e cada unha das bases aquí expostas.

A resolución do xurado é inapelable.

Mondoñedo, a 04 de febreiro de 2021

ANEXO I

AUTORIZACIÓN

Eu, _____ con DNI _____
e teléfono de contacto a efectos da comunicación: _____ autorizo ó
meu fillo/tutelado _____ de _____ anos de
idade a participar no “Atípico Entroido 2021 de Mondoñedo”.

Data e firma:

Coa firma na presente autorización, acepto expresamente na súa totalidade as bases do “Atípico Entroido 2021 de Mondoñedo”, a política de Protección de Datos e a cesión da súa fotografía para a súa divulgación. Ós efectos establecidos na Lei Orgánica de Protección de Datos, informamos que os datos recollidos a través do presente formulario serán incorporados a un ficheiro de datos de caractere persoal, chamado “Atípico Entroido 2021”, que ten como finalidade a relación das funcións necesarias para a xestión e tramitación correspondente ó concurso, tendo como únicos destinatarios do mesmo os membros do Xurado, encargados da xestión do propio concurso e da selección dos finalistas, respectivamente. Os datos contidos neste formulario deben ser cumprimentados de maneira obrigatoria. En caso de non facerse así, a inscrición será desestimada e os datos borrados de forma inmediata. A cumprimentación do formulario implica a inscrición no concurso e a aceptación das bases do mesmo. Os datos serán eliminados tras a entrega de premios.